
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN PERMANENTE DA ESCOLA
TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS
DA CORUÑA CELEBRADA O LUNS, DÍA 6 DE XUÑO DE 2018**

De acordo co establecido na Orde do Día, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión ordinaria ás 10:00 horas do mércores día 6 de xuño de 2018 coa seguinte orde do día:

1. Aprobación de Actas
2. Informe do Director
3. Execución do presuposto de 2018
4. Orde do día da próxima Xunta de Escola
5. Quenda aberta de palabra

ASISTEN OS SRES:

PROFESORES

Baldomir García	Aitor
Carro López	Diego
Colominas Ezponda	Ignasi
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	M ^a Isabel
París López	José
Pena Mosquera	Luis
Ramírez Palacios	Luis
Romera Rodríguez	Luis Esteban

ESTUDANTES

PERSOAL ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Cruz Viqueira	M ^a Pilar
---------------	----------------------

EXCUSAN:

Orro Arcay	Alfonso
------------	---------

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como Secretario o Sr. Diego Carro.

1. Aprobación de Actas

As actas enviáranse previamente.

Apróbanse.

2. Informe do Director

O director expón as seguintes cuestións no seu informe:

- Persoal: no sector de profesorado non hai novidades, no sector PAS, xubilouse a Sra Marisol Gracia e pide que conste o agradecemento polo seu servizo. Xa tiveron lugar as altas e baixas dos concursos internos da UDC e afectou a case todos os servizos da Escola.
- Acreditación EURACE: en maio veu a comisión de acreditación, o informe oral foi positivo, e estase á espera do informe oficial. Esperase que se coñeza o resultado a mediados de xullo.
- Acreditación do MECCP: non se admitiu a recusación presentada, e finalmente a comisión virá a semana próxima, o martes día 12 de xuño e durará un día solo.
- Titulación de máster en enxeñaría aeronáutica. Houbo unha reunión cos responsables da titulación de aeronáutica da Uvigo, asistiron José París, Aitor Baldomir e o director. Esta reunión non foi como se esperaba debido ao proceso electoral na reitoría en Vigo, que provoca que o director de Ourense prefira esperar ao novo equipo reitoral. O número de clases presenciais por ECTS que propoñen son 5-6 horas/ECTS, e un título de 90 ECTS.
- Uns días tras esta reunión, o colexio de enxeñeiros aeronáuticos invitou á Escola a participar nun foro de mellora de calidade docente. Hai moitos puntos en común coa Escola e coa profesión de Enxeñeiro de Camiños. Asistiu á reunión José París e Aitor Baldomir. Invitaron a esta mesma reunión á escola de Ourense e non asistiron.
- Respecto ao PDA da Escola tívose unha primeira reunión sobre este tema.
- Concedéuselle a Medalla ao Mérito Profesional ao Sr. Juan Loureda, presidente da FICGA, distinción outorgada polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos.

O director cédelle a palabra ao profesor José París, quen da información sobre a reunión de directores que tivo lugar en Granada e á que el asistiu.

- Programa integrado: ofértase de maneira conxunta o grao e o mestrado e aparece como unha única opción nas opcións de carreiras trala selectividade.
- O primeiro centro en apostar por esta opción foi a Escola de Madrid, e de cara a este ano moitas outras van a poñer en marcha a mesma idea.
- O colexio indicou que hai pleno emprego entre os colexiados. Na opinión do colexio demándase máis formación transversal, por exemplo en xestión e administración. Consideran importante os selos de calidade. Tamén se falou da

falta de visibilidade da profesión e están a facer actividades para traballar neste eido.

- Desde as escolas coinciden en que hai este problema de visibilidade e tamén se están a facer actividades.

3. Execución do presuposto de 2018

Remitiuse o resumo antes da reunión. Anticipáronse gastos debido ao cambio de normativa, aínda hai algunhas dúbidas sobre interpretacións respecto ao novo regulamento.

4. Orde do día da próxima Xunta de Escola

O director fai unha proposta de orde de día para a próxima reunión ordinaria da Xunta de Escola. A data da reunión será o martes 19 de xullo e terá a seguinte orde do día:

1. Aprobación de actas
2. Informe do Director
3. Presuposto de 2017: Peche do exercicio
4. Presuposto de 2018
5. Calendario académico 2018/2019
6. Quenda aberta de intervencións

5. Quenda aberta de palabra

Non hai intervencións

A sesión da Comisión Permanente finaliza ás 10:40 do 6 de xuño de 2018

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico